

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE MARMANCÓN DO DÍA 10 DE MAIO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Marmancón situado en Marmancón s/n, Ferrol, sendo as 19:05 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Marmancón cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	6	Nº de homes:	3
		Nº de mulleres:	3

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Marmancón, tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Manuel Dopico Losada.
En representación de entidades	José González Leirachá (AVV Marmancón).

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Manuel Dopico Losada
José González Leirachá

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Marmancón e que a modo de resumo son os seguintes:

- Que o Concello nos atendan, que se fagan reunións periódicas e que fagan cousas das que lles pedimos.
- Queixanse de que nunca se lles contesta aos escritos que presentan no Concello.
- Equipo de megafonía para o local social.
- Material para pintar o local social.
- Infraestructuras. Pista comprometida e non executada no lugar do Esperón.
- Deterioro das pistas polos camións que están a facer un recheo nunha parcela da parroquia.
- Deterioro da estrada polo paso do Rali de Ferrol.
- Parque biosaudable e de lecer.
- Rede de saneamento.
- Colocación dunha boca de riego para toma de auga para os bombeiros por mor dos incendios forestais.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:25 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro